



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Idioma Moderno 2: Francés		Código	613G03029
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Francés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Luís Gamallo, María Obdulía	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Profesorado	Luís Gamallo, María Obdulía	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e no uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma. Estudiaranse os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral), insistindo especialmente na participación máis activa nas conversas, así como na corrección da pronuncia e da produción escrita.</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá ter perfectamente consolidadas as competencias do nivel A2+ e terse iniciado nas competencias propias da primeira etapa do nivel B1 segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	A8	B4	C2
Comprender os puntos esenciais dun discurso oral (tamén de programas de radio e de televisión, podcasts...) cando se utiliza unha lingua lenta, clara e estándar e cando se tratan asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou temas de interese persoal.	A15	B8	
Facerse entender e intercambiar ideas e información sobre temas habituais en situacións predicibles da vida diaria.	A8 A10 A15	B4 B5 B7 B8	C2



Participar e interactuar con relativa facilidade en situacións orais estruturadas sobre asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou sobre temas de interese persoal ou académico.	A8 A10 A15	B4 B5 B7 B8	C2
Expresar/describir de maneira sinxela mais cohesionada actividades, experiencias, sentimentos, desexos, opinións, proxectos? e dar razóns e explicacións sobre eles.	A8 A10 A15	B4 B5 B7 B8	C2
Buscar información específica e comprender textos sinxelos redactados en lingua estándar.	A8 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2
Referir unha historia, o argumento dunha película ou dun libro? e expresar ao respecto reaccións persoais.	A8 A10 A15	B4 B5 B7 B8	C2
Escribir textos sinxelos e coherentes (breves ensaios, presentacións, cartas, correos electrónicos?) sobre temas de interese persoal ou académico, describindo experiencias e opinións.	A8 A10 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
A. Gramática	<ol style="list-style-type: none"><li>1. O verbo. Os tempos simples e compostos (indicativo, condicional, imperativo). A conjugación pronominal. A negación das formas verbais. Uso dos auxiliares e casos xerais de concordancia do participio co suxeito e co complemento directo.</li><li>2. A interrogación e a negación.</li><li>3. Comparativos e superlativos.</li><li>4. Os pronomes persoais: o pronome "on"; os pronomes tónicos; os pronomes complemento directo e indirecto; os pronomes "en",, "y",, Colocación e orde.</li><li>5. Os pronomes relativos "qui",, "que",, "où",, "lequel",, "dont",,</li><li>6. Os adxectivos e os pronomes demostrativos. Uso dos pronomes coa preposición "de" e cos pronomes relativos.</li><li>7. A expresión da condición e da hipótese con "si",,</li><li>8. O subxuntivo.</li><li>9. As subordinadas completivas. Tempos e modos verbais.</li></ol>



B. Obxectivos comunicativos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Describir persoas, obxectos, lugares.</li> <li>2. Expresar, comparar e opor cualidades, cantidades e feitos.</li> <li>3. Narrar experiencias.</li> <li>4. As relacións sociais: convencións e comportamentos en contextos formais e informais.</li> <li>5. Expresar opinións e sentimentos.</li> <li>6. Expresar gustos e preferencias (e contrarios). Aprobar e rexeitar.</li> <li>7. Facer propostas e suxestións. Reaccionar ante suxestións.</li> <li>8. Facer proxectos e hipóteses.</li> </ol>
C. Léxico	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A vivenda, o fogar, o contorno.</li> <li>2. Viaxes e transportes públicos e privados.</li> <li>3. A natureza e o medio ambiente.</li> <li>4. A moda.</li> <li>5. Alimentación e gastronomía.</li> <li>6. Os obxectos: formas, materias, texturas, cores.</li> <li>7. O corpo, a saúde e os coidados físicos.</li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8 A10 A15 B1 B4 B5 B6 B8 C2	1	0	1
Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	16	25	41
Discusión dirixida	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	15	25	40
Lecturas	A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Proba oral	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	6	6
Atención personalizada		4.5	0	4.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Solución de problemas	<p>Nesta materia chámase solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática, o léxico e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita.</p> <p>A realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se levan a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial (exercicios de gramática, redaccións, resumos, traducións...).</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final da materia, así como outras indicacións importantes.</p>



Discusión dirixida	<p>Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral). Os contidos gramaticais e o léxico intégranse asimesmo nesta metodoloxía.</p> <p>A realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial.</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final da materia, así como outras indicacións importantes.</p>
Lecturas	<p>Ademais da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lectura todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas.</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final da materia, así como outras indicacións importantes.</p>
Proba oral	<p>Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado (expresión, comprensión e interacción oral), mediante unha conversa ou entrevista coa profesora, individualmente ou en parellas con outras/os estudantes. Durante a proba poderanse utilizar textos ou material audiovisual de apoio para suxerir distintas situacións comunicativas.</p> <p>No apartado Observacións da avaliación desta guía pode consultarse a porcentaxe outorgada a esta metodoloxía na avaliación final da materia, así como outras indicacións importantes.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Lecturas Proba oral Solución de problemas Discusión dirixida	<p>A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. A profesora fará un seguimento particular de cada estudante, moi especialmente do alumnado con matrícula a tempo parcial con dispensa académica, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo.</p> <p>A profesora atenderá puntualmente e de forma individualizada ao alumnado cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen.</p> <p>O alumnado pode acudir en horario de tutorías e aulas á profesora para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estime pertinentes. Pódese tamen solicitar a realización de tutorías virtuais, individuais ou grupais, a través de Teams. Os horarios de tutorías da profesora da materia pódense consultar na páxina web da facultade.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	<p>Proba escrita que todo o alumnado deberá realizar nas datas oficiais fixadas pola facultade para a primeira e a segunda oportunidade de avaliación da materia.</p> <p>Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.</p>	45
Proba oral	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	<p>O alumnado deberá realizar unha proba oral ao final do cuadrimestre para amosar as súas competencias comunicativas en lingua francesa.</p> <p>Ver en "Observacións avaliación" precisións máis detalladas.</p>	15
Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	<p>Actividades de avaliación continua (contidos gramaticais, léxico, expresión escrita, comprensión lectora) realizadas durante o cuadrimestre.</p> <p>Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.</p>	25



Discusión dirixida	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	Actividades de avaliación continua (expresión, comprensión e interacción oral) realizadas durante o cuadrimestre. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	15
--------------------	------------------------------------	--	----

Observacións avaliación



## A materia

poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: [pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)). O alumnado ten dúas oportunidades para superar a materia: a primeira ao remate do primeiro cuatrimestre e a segunda no mes de xullo.

1. Avaliación da primeira oportunidade:

1.1. Para superar a materia na primeira oportunidade é obrigatorio realizar e aprobar (5) a proba final escrita na que se avaliarán os contidos gramaticais, o léxico, a comprensión lectora, a expresión escrita e a comprensión auditiva. A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade.

1.2. Será ademais obrigatorio realizar e aprobar (5) unha proba oral final na que se avaliarán a expresión, a comprensión e a interacción oral. A profesora comunicará en Moodle coa suficiente antelación a data, hora, lugar, quendas e outras indicacións relativas á realización da proba oral.

1.3. É obrigatorio realizar ao longo do cuatrimestre un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas e contidos da materia, organizados en dous bloques: Bloque A ["Solución de problemas"]: actividades de práctica dos contidos gramaticais, do léxico, da expresión escrita e da comprensión lectora. Bloque B ["Discusión dirixida"]: actividades de práctica da produción, comprensión e interacción oral (nestas actividades valóranse asimesmo a norma gramatical e o léxico). Ademais das actividades presenciais que se realicen durante as aulas, normalmente por cada sesión presencial o alumnado deberá realizar unha tarefa non presencial. Agás causa debidamente xustificada e sempre coa autorización previa e expresa da profesora, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas. Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes dos exames escrito e oral da primeira oportunidade, o 80% das actividades programadas en cada bloque e obter unha nota media mínima de 5 sobre 10 en cada bloque.

1.4. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:

a. Un 45% valorará o exame escrito, coas seguintes porcentaxes: Contidos gramaticais, léxico, expresión escrita, comprensión lectora: 35% Comprensión auditiva: 10%

b. Un 15% valorará a proba oral.

c. Un 40% valorará as actividades de avaliación continua organizadas en dous bloques (que deben cumprir os requisitos do apartado 1.3), coas seguintes porcentaxes: Bloque A: actividades de gramática, léxico, expresión escrita e comprensión lectora: 25% Bloque B: actividades de produción, comprensión e interacción oral (nestas actividades valóranse asimesmo a norma gramatical e o léxico): 15%

A materia considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10. Os contidos e destrezas dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de avaliación. Os apartados aprobados na primeira oportunidade consérvanse para a segunda. Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das actividades, ver apartado 6.2.

Avaliación da segunda oportunidade:

2.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima na proba escrita e/ou na proba oral, o alumnado deberá facela(s) de novo na segunda oportunidade. A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade. A data, lugar, hora e outras indicacións para a realización do exame oral da segunda oportunidade comunicaranse en Moodle coa suficiente antelación.

2.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades dos bloques A e/ou B, o alumnado deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas substitutivas. A profesora fará públicas en Moodle coa suficiente antelación as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de solicitude e entrega...). Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das actividades, ver apartado 6.3.

Na convocatoria extraordinaria de decembro o alumnado será avaliado dos seus coñecementos e competencias nas distintas destrezas da materia mediante unha proba escrita (nota mínima 5 sobre 10; 70% da nota final) e unha proba oral (nota mínima 5 sobre 10; 30% da nota final). Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular da proba escrita ou oral, ver apartado 6.4.

En cada oportunidade de avaliación o alumnado recibirá a cualificación NP de se dar simultaneamente estas dúas situacións: non terse presentado a ningunha das probas de avaliación (escrita e oral) e se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das programadas.

5. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial con dispensa académica, previa comunicación e acreditación documental de dita situación á profesora, pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades de avaliación continua programadas para a primeira oportunidade, segundo o disposto no apartado 1.3. As actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes. Seranlle de aplicación as demais metodoloxías avaliábeis (proba escrita e oral) cos mesmos requisitos e características que para o resto do alumnado. Para a avaliación da segunda oportunidade, aplicaráselle o disposto no apartado 2.6. Os traballos académicos (entendendo por tal todo o material que o

alumnado presente para ser obxecto de avaliación) deberán ser de elaboración individual (agás indicación expresa da profesora) e persoal. A realización fraudulenta ou irregular das probas e/ou de calquera das actividades de avaliación continua implicará automaticamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidándose as cualificacións obtidas nas distintas metodoloxías avaliadas. 7. Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- BADI, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau débutant. Paris: Hachette F.L.E.</li><li>- BADI, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1997). Conjugaison. 350 exercices. 1 000 verbes à conjuguer. Paris: Hachette F.L.E.</li><li>- (1997). La Conjugaison pour tous. Dictionnaire de 12 000 verbes. Paris: Hatier.</li><li>- DELATOUR, Y. (1991). Grammaire du français. Paris: Hachette F.L.E.</li><li>- FERNÁNDEZ BALLÓN, M.; MONNERIE-GOARIN, A. (1987). Gramática esencial del francés. Paris-Madrid: Hachette-SGEL.</li><li>- GAILLARD, B. (1995). Le Français de A à Z. Paris: Hatier.</li><li>- (1999). Gran diccionario español-francés/français-espagnol. Paris: Larousse.</li><li>- GRÉGOIRE, M.; THIÉVENAZ, O. (2002). Grammaire progressive du français avec 500 exercices. Niveau intermédiaire. Paris: CLE International.</li><li>- (1995). Le Nouveau Petit Robert. Dictionnaire de la langue française. Paris: Dictionnaires Le Robert.</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	Ao longo do curso ofreceranse referencias bibliográficas e outros recursos específicos para cada tema. Facilitarase ao alumnado, a través de Moodle, diverso material complementario. Na biblioteca do centro pódese atopar todo tipo de material impreso e audiovisual relacionado coa lingua francesa en consoancia co nivel e os intereses do alumnado. É recomendable que se solicite orientación e consello á profesora da materia.

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno: Francés/613G03016

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Idioma Moderno 3: Francés/613G03033

Idioma Moderno 4: Francés/613G03049

## Observacións

Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir á profesora para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso da profesora, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías